

Prezadas compañeiras:

Prezados compañeiros:

Ante a vosa solicitude de que vos mantiveramos informados das nosas iniciativas diante da Consellaría, facémosvos chegar que o compromiso da CIG-Ensino coas vosas demandas, expresado nun documento asinado polo noso sindicato e nas diferentes iniciativas que até agora levamos a cabo, continúa a estar presente nas nosas reivindicacións. Así, na entrevista que mantivemos coa Consellaría, o día 10 de xaneiro, amosámoslle o noso rexeitamento á perda de carga lectiva prevista para a materia de tecnoloxía e as consecuencias negativas que desta situación se derivarían tanto para o ensino como para o profesorado, nomeadamente interinos/as. Amosámoslle a nosa sorpresa pola pasividade que mantiveron ante o MEC, xa que non coñecemos ningunha acción no camiño de remediar este problema e, polo tanto, agardabamos que, dalgunha maneira, terían que emendar o súa postura cando se aproben os currículos en Galiza. A resposta foi que aínda non tiñan ningunha decisión tomada, xa que non trataran a carga horaria de tecnoloxía.

A CIG-Ensino vén de presentar na Consellaría unha serie de temas co obxecto de fixar un calendario de negociación na Mesa Sectorial. Un dos temas propostos é a negociación dos currículos e a carga horaria de materias, especialmente de tecnoloxía.

Temos a pretensión de que os currículos sexan abordados na Mesa Sectorial, polo menos naqueles aspectos que teñan incidencia nas “condicións laborais” do profesorado. Así mesmo, abordaremos a vosa problemática mediante diferentes emendas que presentaremos cando se ditaminen os decretos de ensinanzas mínimas no seo do Consello Escolar de Galiza.

Vimos, tamén, de pórmonos en contacto co grupo parlamentario do BNG para que leve a cabo algunha iniciativa no Parlamento galego no sentido de ampliar a carga horaria da materia de tecnoloxía. Informamos, igualmente, que a proposta presentada polo deputado do BNG nas cortes, Francisco Rodríguez, aínda non foi contestada. Aproveitará a comparecencia da Ministra de Educación para falar das ensinanzas mínimas, prevista para o día 20, para formularlle o tema.

En todo caso, estamos á vosa disposición para levar a cabo as iniciativas ou accións que vexades oportunas.

Un saúdo cordial,

Santiago, 5 de febreiro de 2007

Anxo Louzao Rodríguez
Secretario Nacional da CIG-Ensino